

Bonos Talento Empresa 2025 - 2026 para proxectos formativos de curta duración

cofinanciados nun 60 % polo Fondo Europeo Plus (FSE+)

Bonos destinados a proxectos de **formación non formal** mediante a realización de accións formativas **de curta duración** (entre 16 e 100 horas) que teñan como obxectivo **mellorar as capacidades** das empresas e **contribuír ao desenvolvemento profesional** dos seus cadros de persoal de **centros de traballo en Galicia**, onde se deberán desenvolver as actividades subvencionadas

TR302D

! Concorrenza non competitiva

Orzamento 2025-2026
2.000.000 €



Entidades **beneficiarias**

Prazo aberto ata 15/09/2025
ou esgotar orzamento

- Microempresas, pequenas e medianas empresas (PEMEs) e grandes empresas validamente constituídas e con actividade ininterrompida, cando menos, dende **tres anos antes** da data de publicación da presente convocatoria.
- Persoas traballadoras autónomas que teñan contratadas ao seu cargo a persoas traballadoras por conta allea, inscritas no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial de Traballadores do Mar por conta propia, cunha antigüidade como cotizante **igual ou superior a tres anos ininterrompidos** inmediatamente anteriores á data de publicación da presente convocatoria.



Contía da subvención

Ata **60 %** anticipado

Gasto máximo subvencionable por acción

$$\left[\begin{array}{l} \mathbf{16,70\ €} \\ \text{para formación} \end{array} + \begin{array}{l} \mathbf{17,93\ €} \\ \text{para cubrir salario} \end{array} \right] \text{ Por hora de formación } \times \left[\begin{array}{l} \text{Número de persoas asalariadas pertencentes} \\ \text{ao cadro de persoal da entidade solicitante} \\ \text{que realizan a acción formativa.} \end{array} \right]$$

Intensidade máxima da axuda

Grande empresa	Mediana empresa	Pequena e microempresa	Empresa do sector do transporte marítimo
50 %	60 %	70 %	100 %
dos custos subvencionables			
Máximo 25.000 € por entidade			



Accións formativas subvencionables

Só poderá solicitarse
1 proxecto formativo

O proxecto conterá como
máximo 3 accións

Cada acción durará
entre 16 e 100 horas

As accións formativas estarán orientadas á adquisición de competencias comprendidas entre os ámbitos de capacitación prioritarios detectados nas mesas de traballo con empresas e axentes sociais realizadas no marco da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego:

- **Competencias dixitais**, desde dixitalización básica ata a adquisición de competencias e coñecementos técnicos avanzados ou a adquisición de coñecementos de tecnoloxías innovadoras ou disruptivas, etc.
- **Competencias en procesos industriais** na manipulación de maquinaria especializada, coñecementos e técnicas da construción, técnicas de soldadura, instalación de compoñentes, deseño ou interpretación de documentación ou diagramas técnicos, entre outros.
- **Competencias de xestión empresarial** como xestión de persoas e equipos, xestión eficiente dos recursos, toma de decisións, planificación estratéxica, realización de tarefas administrativas, financeiras e contables, etc.
- **Competencias de prestación de servizos a clientes**, tanto vinculadas a promocionar, vender e comprar produtos ou servizos como relativas á atención ao cliente (orientación e asesoramento, satisfacción do cliente, asistencia postventa, xestión de reclamacións, etc.) e a atención telefónica.
- **Competencias do ámbito asistencial** como a prestación de coidados (asistencia a persoas enfermas, con problemas de mobilidade e maiores, entre outras), técnicas e coñecementos sanitarios, de diagnóstico ou de medicina preventiva ou de benestar, entre outros.
- **[NOVO ÁMBITO] Competencias nas tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos** (tecnoloxías avanzadas de materiais, fabricación e reciclaxe; tecnoloxías de baterías e almacenamento de enerxía; tecnoloxías de hidróxeno; tecnoloxías de eficiencia enerxética...).

Acceso a sede



[Pulsa ou escanea]

As accións solicitadas non deben atoparse incluídas na oferta de formación, formal e non formal, recollida no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

Pulsa ou escanea o QR para consultar o Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE →



As accións **deberán ser en modalidade presencial** e poderanse impartir mediante **aula virtual** a través do **Campus Virtual de Formación para o Emprego** da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Período de realización das accións formativas

Accións formativas que se desenvolvan exclusivamente no ano 2025

- Realizaranse dende o día seguinte ao da publicación da orde **ata o 31 de outubro de 2025**, ambos incluídos.
- Xustificaranse **antes do 15 de novembro de 2025**.

Accións que se desenvolvan entre 2025 e 2026 ou exclusivamente no ano 2026

- Realizaranse dende o **1 de novembro de 2025** ata o **30 de setembro de 2026**, ambos incluídos.
- Xustificaranse **antes do 15 de outubro de 2026**.

Non serán subvencionables as accións formativas realizadas antes da presentación da solicitude de axuda.